



Eu son Carme

XUNTA DE GALICIA



Colección: **A Vida no mar salgado**

Idea e texto: **Fina Mosquera Roel**

Ilustracións: **Ana Sánchez Moreno**

Fotografía: **Miguel Sánchez Ortiz**

Edita:

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

D. X. de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.



ISBN: 84-453-3358-5

Depósito legal: C-1719-2002

Imprime: Gráficas Sementeira





Eu son Carme

A miña nai é mariscadora

Eu son Carme, e na miña vila hai moita xente que se dedica ó marisqueo.

Algúns saen en embarcacións, e outros, xeralmente mulleres, marisquean a pé.

A miña avoa conta que, hai anos, cando ela era nova, collía o marisco que había sen máis.

Agora algúns bancos naturais están esgotados, e para recoller marisco, ás veces témolo que cultivar.



A miña nai, xunto con outras compañeiras, traballa na ría coma se fose agricultora. Cultiva ameixas e ostras.

Para cultivar as ameixas, a miña nai mercou semente e engordaa ata que se pode sementar na area.

Logo, mete a cría en bolsas de malla moi fina para protexela dos depredadores e colócaa nunhas mesas de ferro que se poñen na praia.



Cando sobe a marea, queda todo cuberto de auga.
As crías aliméntanse e medran.

As ameixas hai que coidalas:
segundo van medrando, vanse
cambiando as bolsas por
outras de malla máis grande,
procurando que non haxa
demasiadas en cada bolsa.



Ademais, hai que limpa-las bolsas cando se ve que están sucias ou cheas de algas, e comprobar que as crías medran correctamente.



No outono as ameixas xa teñen un tamaño axeitado para sementalas na praia. Primeiro remóvese a area para que sexa fácil soterralas.



Logo seméntanse e tápanse cunhas redes para protexelas.



Ó ano da sementeira xa se poden recoller.
As ameixas deben ser maiores de 4 centímetros.
É o mínimo legal.

A miña nai lava as ameixas e lévaas a unha depuradora. Alí envasanse en sacos de rede e pónenlle a etiqueta. Logo leva os sacos á lonxa para vendelos.

Na lonxa atopamos outros moitos mariscos como polbo, xiba, lagosta, lumbricante, vieira, camarón, etc. Algúns proceden da acuicultura, pero outros son capturados utilizando embarcacións e distintas artes: nasas, bicheiros, enmalle, etc.



Estas embarcacións van ó polbo. Utilizan nasas e, ademais de polbo, collen todo o que entre nelas.

Algúns barcos de altura van só ós cefalópodos ou á cigala, pero a maioría da flota artesanal captura peixes e mariscos.



Glosario

Depredadores: Animais que cazan ou atrapan outros animais como alimento.

Cefalópodos: Moluscos que teñen tentáculos na cabeza, como por exemplo o polbo.

Enmalle: Artes que utilizan redes e se sitúan en lugares de paso de bancos de peixe para atrupalos.



Outros títulos da colección

Polbo
Rodaballo
Ourizo
Xurelo
Mexillón
Peixe Sapo
Centola
Camarón
Percebe



Mexillón



Percebe

Na rede estamos en: pescagalicia.com



CONSELLERÍA DE PESCA E
ASUNTOS MARÍTIMOS